


## ACREDITACIÓN COMPETENCIA DIXITAL ALUMNADO SECUNDARIA



# ESTRATEGIA EDUCACIÓN DIXITAL 2030



### Obxectivos

- Desenvolver un **ecosistema educativo dixital-stem** de alto rendemento
- Perfeccionar as **competencias e capacidades dixitais** para a transformación dixital



Resolución do 28 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a **acreditación das competencias dixitais do alumnado** que cursa ensinanzas de **educación secundaria obrigatoria e bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24.

*Niveis de acreditación:*

- **ComDix Iniciación.**
- **ComDix Intermedio.**
  - Tamén se poderá realizar a acreditación parcial de coñecementos, habilidades e actitudes dunha ou varias áreas deste nivel.

## *Acreditación do alumnado de 4º ESO:*

- **Mediante validación de estudos superados** → Acreditación do nivel de iniciación do alumnado que titule na ESO:
  - **Certificación ComDix iniciación.**
- **Mediante a superación dunha proba específica** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias do nivel intermedio:
  - **Certificación ComDix intermedio.**

## *Acreditación do alumnado de 2º BAC*

- **Mediante a superación dunha proba específica para alumnado co título de bacharelato** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio:
  - **Certificación ComDix de nivel intermedio.**
- **Mediante validación de estudos superados** → Acreditación do nivel das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio do alumnado que titule no bacharelato:
  - Certificación expedida polo centro educativo das áreas de dominio de competencias dixitais.
- **Mediante a superación dunha proba específica para alumnado que non obteña o título de bacharelato** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio.
  - Certificación expedida polo centro educativo da área de dominio 4 de competencias dixitais.



## Requisitos do alumnado para participar nas probas específicas:

- Estar matriculado en **4º de ESO** para presentarse á proba específica que acredita as competencias dixitais de **nivel intermedio**.
- Estar matriculado en **2º de BAC** para presentarse á proba específica que acredita a **área de dominio 4 de competencias dixitais de nivel intermedio**.



**Certificación ComDix de nivel iniciación e a Certificación ComDix de nivel intermedio serán emitidas de oficio** conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

**A certificación en competencias dixitais do alumnado terá unha validez de cinco anos**



## ORGANIZACIÓN TEMPORAL DAS PROBAS

***Nivel intermedio (área 4)***

*(2º BAC)*

**Abril 2024**

***Nivel intermedio (áreas 1, 2, 3, 4 e 5)***

*(4º ESO)*

**Maio 2024**

**As datas e horas asignaranse máis adiante**



## CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

### *Nivel intermedio (áreas 1, 2, 3, 4 e 5) → 4º ESO*

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA → acceso á demo (Iniciación) da proba.
- Batería de 60 preguntas (12 por área).
- Tempo máximo de 90 minutos.
- Para superar a proba de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario ademais obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

### *Nivel intermedio (área 4) → 2º BAC*

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA (acceso á demo da proba).
- Batería de 12 preguntas.
- Tempo máximo de 20 minutos.
- Para superar esta proba da área 4 de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 60% do total de preguntas.



Acreditación do **nivel de iniciación** para **alumnado** que participou no *proxecto E-Dixgal*

- **Certificación ComDix de nivel iniciación.**

Dirixido a:

- Alumnado que obtivesen o título de ESO nos cursos académicos 2021/22 ou 2022/23 tendo participado no programa E-Dixgal nun mínimo de tres cursos académicos.

Solicitude:

- Centro no que rematasen 4º de ESO.
- Prazo de solicitude: entre o **2 e o 15 de maio** de 2024.